



Concello de Lugo

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: APERTURA E ATENCIÓN MUSEOS 2014

Asunto: ACTA APERTURA SOBRE B

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DO SERVIZO DE APERTURA E ATENCIÓN Ó PÚBLICO DOS MUSEOS MUNICIPAIS: CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO, DOMUS DOS MOSAICOS, DOMUS DO MITREO, SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ E CENTRO ARQUEOLÓXICO DE SAN ROQUE

Sendo as 14:00 horas do día 4 de decembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenenta de Alcalde Delegada, actuando en suplencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais dona Carmen Basadre, Tenenta de Alcalde da área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua ; dona Esther Muñoz Mella, en representación do Partido Socialista PSG-PSOE; don Ángel Trabada Gómez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular; dona Paz Abreira Sobrado, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana I. Sáez Mancebo da titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

A continuación procédese por parte da Sra. Presidenta da mesa á apertura do sobre B correspondentes á documentación relativa aos criterios non avaliados automaticamente presentadas polas mercantis admitidas á licitación, co seguinte resultado:

EULEN, S.A.:

* Dossier introducción, compromiso do equipo asinado ao contrato, programa de organización e actuación, melloras técnicas e de calidade no emprego

A BILLARDA, S.L:

* Dossier melloras técnicas
* Dossier calidade no emprego

SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L:

* Dossier melloras técnicas e de calidade no emprego

Unha vez examinada a documentación, os integrantes da mesa acordan por unanimidade solicitar por unha un informe técnico das melloras técnicas á acción de Cultura e por outra informe técnico da calidade no emprego que deberá emitirse conxuntamente polo Servizo de Contratación e o Servizo de Intervención



MURALLA
patrimonio da humanidade

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: APERTURA E ATENCIÓN MUSEOS 2014


Asunto: ACTA APERTURA SOBRE B

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:15,
pospoñéndose en consecuencia a apertura das ofertas económicas.


A PRESIDENTA



Asdo.: Rosana Rielo Rozas



O SECRETARIO



Asdo.: Manuel Louzao Aldariz